


## andando a terra

### UN CURIOSO E ESTRANHO PERSOAXE

Non sei en qué lugar do mundo se atopará Manuel García Paz, escritor galego que, no ano 1933 e no otrado ro de «La Región», de Ourense, publicou un libro titulado **IV MELODIA**, parte del sacrito en dialecto viñés, é decir, no galego falado en Viana do Bolo e a súa bisbarra. O libro é moi interesante e curioso. Lleva un prólogo en español da Jacinto Santiago. Irmao do escritor Silvio Santiago. Jacinto Santiago foi paseado, ou polo menos morto violentamente, en 1936, co gallo da guerra civil. Era moi novo ainda e a súa profesión era a de xornalista.

Iñoro onde naceu García Paz. Téñolle sentido contar é poeta Luis Pimentel que García Paz fora seminarista en Tui e que, polos anos vintenarios daba clases particulares en Santiago. Enseñaba Latín e cobraba en especie: millo, galines, coellos, uvas, viñc... Tamén era propietario dun chaqué e dunhas guantes marellos. Con esta idumentaria presidia as procesións das aldeas de parte da Compostela nos anos santos. Servicios que, naturalmente, tamén cobraba en especie.

Florentino Cuevillas e Xeóns Ferre Couceiro informáronme, xa hai bon años, que Manuel Gar-



cía Paz estudiara parte da carreira de Filosofía e Letras en Madrid, onde se examinaba por libre. E que nun exame de Grego, é ver a tradución que lle poillan, botouse a rir. Entón o catedrático puxolle unha tradución realmente difícil. García Paz fixo. O catedrático, que era un ilustre publicista, solarendido, dixolle:

—Debe vostede especializarse en Grego.

—Non me interesa.  
—E logo qué lle interesa?  
—Pois ainda non o sei.  
O catedrático calou un linte e proseguíu:

—Lau vostede os meus libros?  
—Lin.  
—E qué lle pareceron?  
—Que os hai mellores.

Cando García Paz opositou a cátedra, levárono detido a Co-

misaña porque lle disputou un banco do Parque do Retiro madrileño, pra durmir, a un mendigo Xe catedrático de Latin de Instituto, destinárono a Segovia. Un tribunal de honor esculxiu da carreira porque no tempo libre iba ós petates á estación, é decir, traballaba de maleteiro ou portateiro.

Nos días da guerra civil, García Paz e a súa muller dabán clases nunha academia particular de Ourense. E íban comer a Alxilio Social.

Andando os anos contou que un amigo lugues que, en Madrid, na tertulia de galegos do café «Lion d'Or», á que iba o gran poeta Ramón Cabanilles, conociera a García Paz.

—Era polo Nadal —contaba— que aquel ano viñera moi frío. E apareceu un día pola tertulia do «Lion» un home en alpargatas, vestindo un traxe de vراo, de raiado, cun embrullo ó lombo atado a punta dun coxato e un neno, agarrado da mea. Coidei que era un mendigo. Mais, non, era Manuel García Paz que viña preguntar por Alvaro XII. Quedei abraiado. Entón preguntelle:

—¿Agora non escribe?  
—Nor. O único que me interesa é a fraternidade universal. A verdadeira fraternidade universal.

E dirixindose ó neno, dixolle  
—Manoliño, cando está

mañá ollamos un negro na Porta do Sol. ¿Qué foi o que che dixen?

Qua le estreitara a maú, respondió o rapaz.

—¿E ti qué fixeche?  
—Pois darlle a maú.

—¡Eso, eso é o que compra facer! Estreitarlle a maú ós negros! ¡Eso él! ¡Eso él!

Hai anos, nun deses xornais que editaba a emigración galega na Arxentina, fin unha noticia que me chamou a atención. Resulta que nun covo de Andalucía coido que na provincia da Granada, rendíranlle un homenaxe a Manuel García Paz, co gallo da súa xubilación como mestre daquel povo, cos asistencia de autoridades. Segundo contaba o xornal, García Paz deu as gracias cun discurso dito en galego, do que traxiu unha longa referencia. Dende a feita non voltei a ter máis noticias súas.

Manuel García Paz é unha lenda que se va esvaendo pouco a pouco. Deixa que un día es borre de todo. Sería moi interesante saber si seguiu escribindo e que a súa obra chegue ó público. Non estamos tan sobrados de escritores interesantes como para deixar que a obra de ún deles caia na indiferencia e no esquezo. E tamén a súa vida. Hai escritores cuis vida é más interesante que a súa obra escrita. García Paz pode ser ún deles.

### M. HORTAS VILANOVA